

OURENSE

Tribuna

XOÁN C. CHILLÓN IGLESIAS
Mestre xubilado*Adolfo Rodríguez Ansias, mestre republicano, no seu corenta cabodano*

Transcorreron xa catro décadas do paso ao limiar da eternidade, aquel 27 xuño de 1982, do noso benquerido amigo e inmortal veciño da praza ourensá de San Cosme.

Adolfo Rodríguez Ansias nace en Brasil o 11 agosto 1908, fillo de Digna Ansias Camba (San Cibrao das Viñas) e Adriano Rodríguez Cordeiro (Allariz). A súa nai vai falecer por complicacións no parto dun novo fillo, feito que vai provocar que Adolfo teña que vir para Galiza a vivir coa súa tía materna Victoria. Victoria Ansias Camba casara con César Conde Blanco, de profesión carpinteiro. A familia Conde Ansias residía na praza de San Cosme, nº 2, baixo. O matrimonio tivo cinco fillos: Jaime, Carmen, Julio, Raquel e Raúl. Os tres primeiros fixeron maxisterio, exercendo durante moitas décadas Jaime e Julio. Julio e Raúl siguen afortunadamente estando con nós.

Cóntanos Julio, que Adolfo era un moi bo estudiante en todas as etapas da vida académica: primaria, secundaria e maxisterio, e que o seu expediente escolar estaba cheo de sobresalentes e notables. Rapaz e alumno excelente, boa persoa, com moitas gañas de saber, de aprender, e de querer transformar aquela sociedade de que lle tocaba vivir.

Aprobada a oposición de maxisterio na promoción de 1928, desenvolverá o labor docente nos concellos de Muíños (Rañadouro), Ourense (Escola Anexa) e Amoeiro (Bóveda), coñecendo a ensinanza primaria no rural e no urbano, a depresión do mundo do campo, ilusionándose co traballo colectivo a nivel profesional e sindical, compartindo experiencias pedagógicas nos Centros de Colaboración, e estendendo a alfabetización ao mundo adulto.

Mestre nacional e mestre da vida, foi con Luis Soto, Albino Núñez e tantos outros compañeiro e compañeiras, membro dunha xuntanza de grande nivel intelectual e humano, unha xeración inesquecible, defensora das liñas pedagógicas da Institución Libre de Ensinanza, decidindo xuntarse e crear un sindicato de mestres, constituindo unha Asociación que chamaron dos Traballadores do Ensino de Ourense (A.T.E.O.),



Adolfo R. Ansias.

Exercía de mestre na escola de nenos de Bóveda (Amoeiro) cando se produció o levantamento militar de 1936

período maio 1931-xullo 1936, da que foi fundador e membro directivo (administración) nas publicaciones *Escuela de Trabajo y Boletín ATEO*.

O novo período republicano era toda unha esperanza. Mestras e mestres eran considerados como "as luces da República". Entendíanse a educación como un derecho individual humano, e un deber das sociedades organizadas de satisfacer nun sentido humanitario. Houbo este sentir, e houbo tamén un pulo moi importante na cultura popular, traducido nas Misións Pedagógicas, Universidades Populares, Ateneos libertarios, bibliotecas públicas, etc.

Exercía de mestre na escola de nenos de Bóveda (Amoeiro) cando se produció o levantamiento militar de xullo 1936 contra o réxime

establecido. Toda unha vida por diante nos seus distintos planos, vida truncada pola sublevación e barbarie, a fin da ilusión e a chegada do terror e da represión. A Comisión Depuradora de Maxisterio, creada a tal fin en todas as provincias, actuou de forma inmediata. La Región (3 agosto 1936) informa de que foi requisado o libro de rexistro de mestres/as afiliados/as á ATEO, atopado na Casa do Pobo (ubicación da nomeada asociación). Entre os docentes ourensás depurados figuran, no apartado de destitución e cese, os mestres do núcleo direxente da Asociación.

Adolfo pasará por distintos acochos: A Lofia, Mariñamansa, San Cibrao,... e fundamentalmente na propia vivenda de planta baixa dereitado edificio de San Cosme, durante más de vinte eito anos, evitando a súa detención que de seguro tería fatais consecuencias. O 1 novembro 1964, con 56 anos, solicita a reincorporación ao maxisterio. A resolución ten data de 10 xuño 1965. Exercerá de novo a súa profesión con destino en Viveiro, Requiás (Muíños) e Vilar de Marce (Ferreira de Pantón), destino e labor docente que por desgraza pouco vai poder desenvolver por mor dun ictus que provocou unhas graves secuelas de mobilidade e de parálise parcial.

Moitas, moitas tardes, disfrutabamos da sabedoria e experiencia de Adolfo. Moitos días tamén medraba o grupo, numérica e intelectualmente, coa presenza e o agarrimo de Armando Fernández Mazas (1905-1996) e Raúl González Gómez (1903-1995), os seus ex-compañeiros e participantes das conversas e agasallos de lembranzas, queridos amigos e irmáns de esperanzas. Aínda xuntos recordaban (recordar é volver a vivir) a súa historia compartida.

Veciño inmortal da praza dos mercenrios Cósmede e Damían da capital ourensá, a carón do senlleiro belén de Arturo Baltar, prolonguemos na memoria unha merecida lembranza a Adolfo e a todos aquelas e aqueles, mestras e mestres da República, asasinados, encadeados, exiliados, perseguidos, ou acochados na escuridez pola longa noite de pedra.

ADIF estudia colocar una cubierta para taxis en la estaciónB.IGLESIAS. OURENSE
local@laregion.net

■■■ El Gobierno estudia instalar una marquesina en la plaza de la estación intermodal para proteger a usuarios y taxistas de las inclemencias meteorológicas, como pidieron los diputados ourensanos del PP, Celso Delgado y Ana Vázquez, en una pregunta escrita, contestada ahora. El Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) "está estudiando la posibilidad de incluir en el proyecto la instalación de una marquesina en la Plaza de la Estación, con el objeto de proteger a los profesionales del taxi de las inclemencias meteorológicas", según recoge la respuesta gubernamental. Actualmente, los profesionales, como explican los populares, los taxistas están "al raso" y tienen que soportar las "especiales condiciones del clima de la ciudad de Ourense". Además, el PP recuerda que si el ADIF hubiera ejecutado ya las obras pendiente, que acusan un importante retra-

ESTÁN VALORANDO LA POSIBILIDAD DE INCLUIRLO EN EL PROYECTO, EN RESPUESTA A LOS DIPUTADOS DEL PP

so, y que contemplan pérgolas de cubrición, "este problema ya estaría solucionado".

Otras dos preguntas que respondió el Gobierno a preguntas del PP tienen que ver con la estación Porta de Galicia de A Gudiña. El Gobierno confirma que no tiene previsto "a corto/medio plazo" instalar un ascensor, al considerar que dispone de un "itinerario accesible para personas con movilidad reducida". Además, señala que ha solicitado al Concejo de A Gudiña que le remita un "plan acotado" con su propuesta de conexión de la senda peatonal con la estación de alta velocidad y darle así continuidad, como piden usuarios, Xunta y Concello. ■

ACTIVIDAD EMPRESARIAL

**Premio a la atención al cliente de Viaqua**

Viaqua acaba de ser galardonada por su programa de experiencia de cliente "Contigo". El reconocimiento ha sido en los Premios DEC de la Asociación para el Desarrollo de la Experiencia de Cliente, que recono-

cen las mejores prácticas en experiencia de cliente en España. En este sentido, Viaqua impulsa medidas para actuar ante barreras de comprensión, oferta nuevos idiomas e implantó la atención por lengua de signos. ■